

Europe Direct A Coruña abre o #ClubUE, un espazo que achega Europa á mocidade

12/12/2020 Redacción A Coruña

[Deja un comentario](#)



A comunidade está dirixida a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos

A oficina **Europe Direct A Coruña**, centro oficial de información da Comisión

Europea pertencente á **Deputación da Coruña**, vén de poñer en marcha unha nova iniciativa dirixida a achegar a **Unión Europea** á mocidade. O **#ClubUE** é unha comunidade para mozos e mozas de entre 18 e 30 anos que queren coñecer, aprender e participar das oportunidades que lles ofrece a UE.

O **#ClubUE** desenvólvese principalmente a través das redes sociais Instagram, no perfil **@europedirectcoruna** e na canle de **Youtube** de Europe Direct A Coruña. Esta comunidade busca conformar un espazo de información, formación e participación de diferentes iniciativas con vocación europea. Así, entre as vantaxes de pertencer ao club están a de formar parte dunha rede local con proxección europea, acceso directo e preferente a actividades de formación, conseguir premios ou participar de visitas ou concursos.

A primeira acción prevista é un curso sobre as novidades que incorporou este ano o formato europeo de currículo, o **Europass**. Terá lugar o vindeiro luns día 14 de decembro, ás 16 horas. A formación é online e gratuita, pero reservada para persoas membro do #ClubUE. Hai 25 prazas dispoñibles.

Os requisitos para formar parte do club son ter entre 18 e 30 anos, empregar unha conta de Instagram, a través da cal se dirixirán boa parte das comunicacións e interaccións entre as persoas membro do **#ClubUE**, e seguir o perfil de **Europe Direct A Coruña** nesta rede social.



Para unirse ao #ClubUE é preciso cumprimentar **o formulario de presentación**.
